



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tff: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 26 DE XANEIRO DE 2017

Presidente:

Don Antonio Fernández Angueira.

Concelleiras e concelleiros presentes:

Don José Ramón Pardo Andrade.

Don Andrés Sanmarco Santos.

Dona Lorena Couso Dopazo.

Concelleiras e concelleiros ausentes:

Don Francisco García Dios.

Secretaria:

Dona Ana María Ares Álvarez.

Interventor accidental:

Don José Marcelino Rivera Rarís.

Na Alcaldía da Casa Consistorial de Padrón, sendo as dez horas do día vinte e seis de xaneiro de dous mil dezasete, baixo a Presidencia do señor alcalde don Antonio Fernández Angueira reúnen-se as señoras Concelleiras e os señores Concelleiros relacionados na cabeceira, todas e todos membros da Xunta de Goberno Local, co fin de celebrar a sesión ordinaria deste órgano en primeira convocatoria, asistidos da Secretaria da Corporación dona Ana María Ares Álvarez, de acordo coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 12 DE XANEIRO DE 2017.

Remitido ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros o texto da acta da sesión ordinaria realizada o doce de xaneiro de dous mil dezasete por esta Xunta de Goberno Local, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

2.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS DE REPARACIÓN DE 125 METROS DE MURO DE PECHÉ EN FINCA SITA NO PAZOS DE SANTA CRUZ, HERBÓN, FORMULADA POR DON IGNACIO LÓPEZ DE REGO URIARTE. EXPEDIENTE 62/2016/LU.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 24 de xaneiro de 2017:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

Primeiro. En data 23 de marzo de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 2578, solicitude de licenza municipal de obras para reparación de muro de peche de finca denominada "Pazo de Santa Cruz", con referencia catastral 15066A067004330000ZQ, formulada por D. Ignacio López de Rego Uriarte.

Achégase coa solicitude orzamento, memoria explicativa, datos catastrais e fotografías, así coma plano de situación.

Segundo. En data 23 de setembro de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa desfavorablemente as obras solicitadas requirindo a emenda da solicitude.

Terceiro. En data 27 de setembro de 2016 remítese requirimento ao interesado das emendas referidas no informe técnico municipal.

Cuarto. En data 5 de outubro de 2016 o solicitante achega comunicación previa de obras xunto con memoria explicativa das obras a realizar aos efectos de completar a súa solicitude inicial.

Quinto. En data 10 de outubro de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa favorablemente as obras solicitadas referindo a necesidade de contar con autorizacións sectoriais da Demarcación de estradas do Estado en Galicia e do Servizo de Patrimonio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Sexto. En data 10 de outubro de 2016 o arquitecto técnico municipal informa así mesmo a solicitude de autorización da demarcación de estradas do Estado en Galicia tramitada co número de expediente L-LC.15.2289, que tivera entrada no Concello en data 27 de abril de 2016.

Sétimo. En data 13 de outubro de 2016 remítese oficio ao Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria xunto con copia do expediente administrativo aos efectos de tramitar a correspondente autorización sectorial. Remítese igualmente oficio á Demarcación de estradas do Estado en Galicia.

Oitavo. En data 16 de novembro de 2016 o solicitante achega autorización de data 25 de outubro de 2016 da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia para as obras solicitadas.

Noveno. En data 2 de xaneiro de 2017 ten entrada no Concello resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 27 de decembro de 2016 que autoriza as obras de reparación de muro solicitadas pero non autoriza o incremento do mesmo.

Décimo. En data 12 de xaneiro de 2017 remítese requirimento ao interesado das emendas referidas na resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 27 de decembro de 2016.

Décimo primeiro. En data 18 de xaneiro de 2017 ten entrada no Concello escrito do solicitante achegando emendas á memoria e plano da intervención adaptada ás emendas requiridas.

Décimo segundo. En data 20 de xaneiro de 2017 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús emite informe técnico complementario favorable ás obras solicitadas.

Quinto. En data 20 de xaneiro de 2017 o asesor xurídico en materia de urbanismo informa favorablemente as obras solicitadas.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. En base ao disposto no informe do arquitecto técnico municipal de data 29 de decembro de 2016 e o do Asesor Xurídico en Materia de Urbanismo do 5 de xaneiro de 2017, e os argumentos nestes recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 84.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en concreto tendo en conta o contido literal do segundo dos informes mencionados, tal e coma segue:

Primeiro. Con carácter previo debemos facer constar que en data 19 de marzo de 2016 entrou en vigor a lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, que deroga a lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG). Isto quere dicir que á data de iniciación do expediente xa estaba en vigor a nova normativa, que resultará de aplicación ao mesmo.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

O indicado ten relevancia dado que unha das novidades da lei resulta ser que coma consecuencia da dualidade de títulos habilitantes para levar a cabo obras ou usos do solo e subsolo, entre comunicacións previas e actos sometidos a licenza municipal, e coma consecuencia de estaren reservadas as anteriormente denominadas obras menores, de escasa entidade construtiva e económica, ao réxime de comunicación previa, desaparece da nova normativa a excepción da obriga de achegar proxecto técnico completo redactado por técnico competente cando se trataba de obras menores, no entendido de que ao se tratar dun acto sometido a licenza pola súa maior complexidade, todas estas obras precisarán de tal proxecto.

Sucede sen embargo que no caso que nos ocupa, ao día da iniciación do expediente aínda non se tiña establecido un novo procedemento no servizo municipal de urbanismo que solventase o problema dos actos de uso do solo e subsolo solicitados dentro das zonas de protección en materia de patrimonio histórico.

Xa se puxo de relevancia en numerosos informes que a introducción das comunicacións previas contaba cunha importante traba procedimental cando se trataba de obras de escasa entidade no ámbito dun Ben de Interese Cultural ou ben nas zonas definidas polo planeamento coma sometidas a autorización sectorial en materia de protección do patrimonio histórico. Isto era así debido a que obras que en principio pola súa entidade estarían sometidas ao réxime de comunicación previa, non podían presentarse de forma completa dado que tales intervencións requirían unha autorización sectorial que tiña que ser tramitada a través do Concello. Combinando as opcións disponibles coa lei 9/2002, optouse por tramitar tales solicitudes coma licenza municipal, de xeito que se tramitase polo Concello a correspondente autorización sectorial contando xa co informe técnico municipal favorable. O feito de que foran obras menores implicaba que estaban excluídas da necesidade de aportación de proxecto técnico completo.

Este sistema non se pode manter na actualidade debido a que o artigo 143.3 da Lei do Solo de Galicia somete a tódalas solicitudes de licenza sen excepción á obriga de achegar o devandito proxecto técnico completo. Na actualidade, dende o departamento de urbanismo se está a elaborar un formulario de solicitude de informe previo e de tramitación da autorización sectorial en materia de patrimonio que os interesados promoverán perante o Concello para, unha vez recibida a autorización sectorial, proceder a achegar a oportuna comunicación previa.

No caso que nos ocupa, debido á demora na adaptación dos citados procedementos administrativos, o expediente se tramitou polos canles definidos con anterioridade á entrada en vigor da Lei do Solo, co cal nos atopamos perante unha solicitude de licenza que non conta con proxecto técnico completo redactado por técnico competente. Isto incumpre o disposto no referido artigo 143.3 da Lei do Solo de Galicia.

Segundo. Polo exposto, entendemos que procede neste punto plantexar o xeito de reconducir a tramitación do expediente de xeito que éste discorra polo procedemento establecido. O artigo 146.1 da Lei do Solo de Galicia refire a documentación a achegar xunto coa comunicación previa.

– Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, no seu caso, proxecto técnico legalmente exigible.: No presente caso, se refiren tódalas características do acto na solicitude, memoria orzamentos e informe técnico municipal.

– Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en tódolos seus extremos coa ordenación urbanística de aplicación. Non se conta coa devandita manifestación expresa, se ben se verifica a través do informe técnico que a intervención se axusta á ordenación urbanística en vigor.

– Copia das restantes autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais cando foran legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento. Cóntase coa autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, así coma autorización da Demarcación de estradas do Estado en Galicia.

– Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso ao que van destinadas as obras. Non procede.

Xustificante de pago dos tributos municipais, a documentación que se determine regulamentariamente e, especialmente, as autorizacións sectoriais preceptivas: neste senso, o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e

contar con tal resguardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, resulta suficiente conforme o criterio do informante con que o solicitante achegue os datos e elementos de xuízo que resulten necesarios para que pola administración se poida proceder a liquidar o tributo correspondente. Unha vez notificada a devandita liquidación, o declarante deberá proceder ao pago e conservar o resguardo do pagamento, tal e coma se refire na propia comunicación previa. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, procedendo a paralización das obras ou ben a imposición dunha sanción, con independencia de que se proceda así mesmo a adoitar as medidas de constrinximento para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

Polo tanto, conxugando o principio de eficacia que debe presidir tódala actividade administrativa, teríamos dúas opcións: ou ben requirir ao solicitante para que presente a correspondente comunicación previa, o que depararía unha nova dilación na tramitación do expediente, dilación non imputable en ningún caso ao interesado, xa que unha vez presentada a comunicación previa o interesado deberá agardar 15 días hábiles para acometer as obras, de conformidade co establecido no artigo 146.2 da Lei do Solo de Galicia, ou ben considerar as circunstancias do caso e dado que a intervención cumpre con toda a normativa urbanística, conta con tódolos informes sectoriais de aplicación e o solicitante ten manifestado de forma indubitada a súa vontade de acometer as obras, outorgar a licenza solicitada sen máis trámites.

Inclinámonos por esta derradeira opción. As deficiencias de orde técnico ou procedimental non deben repercutir no administrado, e debemos ter en conta que as licenzas de obras supoñen o recoñecemento dun dereito, e que a actividade da administración se limita a comprobar a concorrencia dos requisitos para obter unha licenza, estando obrigada a outorgar a mesma se as obras se axustan á normativa urbanística de aplicación. Neste senso, e dado que se conta con tódalas autorizacións sectoriais, e que a o solicitante consta con tódolos seus datos personais, e que a intervención está exenta conforme a lei de ordenación da edificación de contar cun proxecto técnico, non se deben introducir dilacións indebidas, concluíndo o expediente cun acto administrativo habilitante para levar a cabo as obras solicitadas.

Terceiro. O inmovible obxecto de actuación sitúase en terreos cualificados polo planeamento municipal coma SOLO NON URBANIZABLE COMÚN (NU)

O planeamento municipal non se atopa adaptado á LOUG, polo que debemos aplicar o réxime transitorio establecido pola Lei do Solo de Galicia para tal suposto. Nos casos de terreos clasificados coma non urbanizable ou rústico polo planeamento non adaptado, lles resulta de aplicación o disposto pola Lei do Solo para o solo rústico, conforme o tenor literal da disposición transitoria primeira, punto 2, apartado d) da referida Lei do Solo.

Tanto o uso solicitado, a reparación do peche existente nunha finca, coma as condicións de edificación plantexadas na memoria na súa derradeira versión, son compatibles cos usos e condicións referidas na Lei do Solo para o solo rústico, de acordo co exposto nos informes técnicos municipais obrantes no expediente, aos que nos remitimos expresamente neste aspecto.

Cuarto. A finca obxecto de actuación se sitúa dentro do ámbito da ordenanza de Protección e Conservación do Patrimonio Histórico Artístico e Cultural (PHAC) do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Padrón.

A inclusión no ámbito desta ordenanza conleva a obriga de contar co informe favorable da Comisión Teritorial de Patrimonio da Consellería de Cultura. No presente suposto cóntase coa resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 27 de decembro de 2016 que autoriza as obras de reparación de muro solicitadas pero non autoriza o incremento do mesmo. A este respecto, por parte do solicitante se emendou a solicitude para dar cumprimento á citada resolución modificando a intervención a realizar. Polo tanto, ésta non contravén os parámetros urbanísticos ou de conservación do inmovible.

Quinto. A intervención solicitada conta así mesmo coa autorización da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia por se situar a mesma dentro da zona de afección da variante da N-550, conforme o disposto no artigo 32 da Lei 37/2015, do 29 de setembro, de estradas. As obras estarán sometidas ao cumprimento do condicionado xeral e particular da referida autorización.

Segundo. Considerando que o órgano competente para o otorgamento deste tipo de licenzas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Outorgar a D. Ignacio López de Rego Uriarte licenza municipal de obras para reparación de 125 metros de muro de peche na finca do Pazo de Santa Cruz, Herbón, con referencia catastral 15066A067004330000ZQ, expediente 62/2016/LU, conforme os orzamentos e memoria explicativa achegados

Segundo. En base ó establecido no artigo 17.1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG), fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: SOLO NON URBANIZABLE COMÚN, solo rústico conforme o réxime transitorio da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: reparación de 125 metros lineais de muro de peche.
- c) Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: os existentes.
- d) Contía na que se orzan as obras: 800,00 euros. (sen IVE)
- e) Situación e emprazamento das obras: Pazo de Santa Cruz, Herbón, Padrón.
- f) Nome ou razón social do promotor: D. José Ignacio López de Rego Uriarte.
- g) Técnico autor do proxecto e director das obras: non procede.
- h) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán comezarse e terse rematadas no prazo de seis (6) meses dende a data de notificación do acto administrativo que outorgue a licenza. No tocante á caducidade das licenzas, estarase ao disposto polo artigo 145 da Lei do Solo de Galicia.

Terceiro. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cuarto. No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

Quinto. Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

Sexto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

Sétimo. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 24 de xaneiro de 2017 nos termos expresados anteriormente.

3.- CORRECCIÓN DE ERROS EN ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 29 DE DECEMBRO DE 2016, DE OUTORGAMENTO DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS DE CUBRICIÓN DE FACHADA DE NAVE E PINTADO EN COR BRANCA DE VIVENDA ANEXA SITA NO LUGAR DE PAZOS S/N, FORMULADA POR TALLERES R. CASAL S.L. EXPEDIENTE 56/2016/LU.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 24 de xaneiro de 2017:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

Primeiro. En data 29 de decembro de 2016 a Xunta de Goberno Local do Concello de Padrón adoita o acordo de "Outorgar a TALLERES R. CASAL S.L. Licenza municipal de obras para cubrición de fachada de nave con chapa metálica e pintado en cor granate de vivenda anexa, con referencias catastrais 15066A501003830001ZU e 15066A501003830002XI, respectivamente, expediente 56/2016/LU, conforme os orzamentos e memoria explicativa achegados"

Segundo. En data 11 de xaneiro de 2017 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús emite informe complementario no que se refire que a cor das fachadas non é granate, senón branca, conforme a resolución do Servizo de Patrimonio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e escrito achegado polo solicitante en data 16 de decembro de 2016.

Terceiro. En data 23 de xaneiro de 2017 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo emite informe xurídico recomendando a adopción de acordo pola Xunta de Goberno Local corrixindo o erro acontecido.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

INFORME:

Primeiro. De acordo co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

As administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Segundo. En base ao disposto no informe complementario do arquitecto técnico municipal de data 11 de xaneiro de 2017 e o do Asesor Xurídico en Materia de Urbanismo do 23 de xaneiro de 2017, e os argumentos nestes recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

Terceiro. Considerando que o órgano competente para o otorgamento deste tipo de licenzas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,


PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Proceder á corrección do erro existente no acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Padrón de data 29 de decembro de 2016 da seguinte forma:

Onde o acordo refire:

"Outorgar a TALLERES R. CASAL S.L. Licenza municipal de obras para cubrición de fachada de nave con chapa metálica e pintado en cor granate de vivenda anexa, con referencias catastrais 15066A501003830001ZU e 15066A501003830002XI, respectivamente, expediente 56/2016/LU, conforme os orzamentos e memoria explicativa achegados"

Deberá constar:



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

"Outorgar a TALLERES R. CASAL S.L. Licenza municipal de obras para cubrición de fachada de nave con chapa metálica e pintado en cor **branca** de vivenda anexa, con referencias catastrais 15066A501003830001ZU e 15066A501003830002XI, respectivamente, expediente 56/2016/LU, conforme os orzamentos e memoria explicativa achegados"

Os restantes puntos do acordo permanecerán sen variación.

Segundo. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 24 de xaneiro de 2017 nos termos expresados anteriormente.

4.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE ACTIVIDADE DE PAXARERÍA EN LOCAL SITO NA RÚA MOLLET DEL VALLÉS Nº 2, BAIXO, SOLICITADA POR DONA MIRIAM MODESTA FERNÁNDEZ. EXPEDIENTE 17/2011.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 24 de xaneiro de 2017:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

Primeiro. En data 12 de marzo de 2011 ten entrada no Concello, con número de rexistro 2096, solicitude de licenza municipal de actividade de Paxarería en local sito na rúa Mollet del Vallés nº 2, baixo, suscrita por D^a Miriam Modesta Fernández en calidade de propietaria. Achégase coa solicitude memoria de actividade redactada pola arquitecta María Eulalia Torres Castro.

Segundo. En data 9 de agosto de 2011 o solicitante achega documentación adicional, consistente en folla de cumprimento do CTE.

Terceiro. En data 31 de agosto de 2011 o arquitecto municipal Ignacio Piñeiro de la Torre informa a solicitude referindo a necesidade de tramitar a avaliación de incidencia ambiental segundo o disposto polo Decreto 133/2008, así como requiringo a aportación de nova documentación.

Cuarto. En data 20 de setembro de 2011 remítese requiringo ao interesado da documentación solicitada no informe técnico municipal.

Quinto. En data 1 de outubro de 2011 o solicitante achega a documentación requerida.

Sexto. En data 28 de marzo de 2012 o asesor xurídico en materia de urbanismo emite informe xurídico.

Sétimo. En data 3 de maio de 2012 publícase edicto da alcaldía sometendo o expediente a información pública por un período de 20 días hábiles. O edicto é publicado no BOP en data 21 de maio de 2012, e no DOGA do 20 de xuño de 2012.

Oitavo. En data 6 de xullo de 2012 ten entrada solicitude da comunidade de propietarios "Fondo de Vila" de copia das medidas correctoras de aplicación no expediente iniciado con anterioridade.

Noveno. En data 13 de xullo ten entrada no Concello escrito da Comunidade de Propietarios do edificio Fondo da Vila 12 solicitando se someta a ditame de incidencia ambiental a actividade e a denegación da

licenza para a mesma.

Décimo. En data 23 de xullo de 2012 emítase resolución do alcalde 488/2012 outorgando a copia solicitada.

Décimo primeiro. En data 20 de novembro de 2012 emítase certificado de exposición ao público e das alegacións presentadas.

Décimo segundo. En data 22 de novembro de 2012 o asesor xurídico en materia de urbanismo emite informe de compatibilidade cos instrumentos de planeamento urbanísticos municipais.

Décimo terceiro. En data 27 de novembro de 2012 remítase oficio á Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente aos efectos de emitir a avaliación ambiental que proceda.

Décimo cuarto. En data 17 de decembro de 2012 ten entrada no Concello resolución de incidencia ambiental da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental de data 5 de decembro de 2012, entendendo que non é necesario someter a actividade a avaliación ambiental e impondo medidas correctoras.

Décimo quinto. En data 7 de xullo de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa favorablemente a actividade solicitada.

Décimo sexto. En data 23 de xaneiro de 2017 o asesor xurídico en materia de urbanismo informa favorablemente o outorgamento da licenza de actividade solicitada, se ben con certas medidas correctoras.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. En base ao disposto no informes do arquitecto municipal de data 31 de agosto de 2011, do arquitecto técnico municipal de data 7 de xullo de 2016 e o do Asesor Xurídico en Materia de Urbanismo do 23 de xaneiro de 2017, e os argumentos nestes recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 84.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en concreto tendo en conta o contido literal do derradeiro dos informes mencionados, tal e coma segue:

Primeiro. Con carácter previo debemos facer constar que dada a excesiva demora na tramitación do expediente, tiveron lugar varios cambios lexislativos na normativa de aplicación, coma a entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, que derogou tanto a LOUG coma o Decreto 133/2008, polo que se regula a avaliación de impacto ambiental.

Nembargantes, entendemos que dado que estes cambios tiveron lugar recentemente, cando xa tiñan transcorridos máis de dous anos dende a tramitación da incidencia ambiental e da práctica totalidade da tramitación do expediente, salvo o derradeiro informe técnico, que procede ter en conta a normativa aplicable no momento da solicitude, dado que adaptar á nova normativa a totalidade da documentación xeneraría ao solicitante unha nova demora e prexuízos dos que non é en absoluto responsable.

Debemos aclarar a este respecto que a nova normativa de aplicación non supón unha alteración esencial da compatibilidade da actividade e a tramitación do expediente respecto á normativa anterior, que resultaba máis estricta nestes termos que a actual. Polo tanto, a actividade segue a ser compatible e os novos procedementos de avaliación ambiental introducidos pola lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia non resultan de aplicación á actividade solicitada.

Segundo. Coma se referiu con motivo da emisión do informe de data 28 de marzo de 2012 e o informe de compatibilidade urbanística de data 22 de novembro de 2012, aos que nos remitimos expresamente neste apartado, a actividade resulta compatible co planeamento municipal, se ben coa introducción de medidas correctoras para evitar incidencia no exterior das instalacións. Así se reflicte así mesmo nos diversos informes técnicos municipais.

Debemos insistir, nembargantes, en que a ordenanza de aplicación, a URME-2, que determina coma autorizable o uso comercial nas categorías primeira, segunda e terceira, en todo caso referidos a



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

actividades comerciais que se levan a cabo nos baixos de edificios residenciais coma o que nos ocupa.

Segundo a definición do PXOM para tales usos, a actividade solicitada coma comercio polo miúdo de flores, sementes e animais de compañía sería encadrable dentro das dúas primeiras categorías, polo que ésta resultaría en esencia autorizable.

Nembargantes, a definición do uso comercial de primeira e segunda categoría tamén refire a seguinte exclusión:

"Excluíndose, en tódolos casos, a almacenaxe e manipulación de produtos noxentos, e/ou nocivos sen envasar, as perigosas de calquera especie, as que poidan feder, poluir ou liberar sustancias tóxicas, ionizantes ou perxudiciais de calquera índole"

O proxecto de actividade redactado e asinado pola arquitecta María Eulalia Torres Castro, que tivo entrada no Concello en data 12 de marzo de 2011 con número de rexistro 2096 reflicte dúas cuestións controvertidas ao meu modo de ver:

– A permanencia no establecemento de 50 aves de corral. Este feito traspasa ao meu modo de ver o concepto de comercio polo miúdo de sementes e mascotas que é o epígrafe ao que se refire a actividade.

– A pemoctación das referidas aves 48 horas na tenda.

Debemos ter en conta as molestias que se poden ocasionar coa actividade. 50 aves de corral evidentemente van implicar uns olores e poden provocar ruidos que traspasen o nivel permitido, especialmente pola noite. Para evitar estas incidencias o proxecto de actividade prevé unha cámara dotada de extracción independente para garantir que as emanacións das aves de corral se evacúen de forma independente. No informe técnico municipal de data 7 de xullo de 2016 se refire que a mesma extracción se realiza cara a cuberta. Pois ben, entendemos que procede establecer coma medida correctora que as citadas aves deben permanecer en todo momento dentro da referida cámara, e non permanecer máis de 48 horas na mesma.

A maiores, débese apercibir á solicitante da prohibición expresa de manter produtos de calquera tipo no exterior do establecemento. Debería levarse a cabo unha comprobación rutinaria de tales extremos, especialmente en días sensibles coma no mercado dominical.

***Terceiro.** A resolución de incidencia ambiental da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental de data 5 de decembro de 2012 impón as medidas correctoras da entrega dos residuos a xestor autorizado e o envío de tódolos restos de tecidos orgánicos a empresa autorizada. Consta no expediente certificado de data 11 de xuño de 2008 emitido pola empresa SASERVI 21, pero que tivo entrada no Concello en data 12 de marzo de 2011, no que refire que se encarga da xestión dos residuos e o transporte dos mesmos a planta autorizada. O devandito certificado ten validez dun ano, renovándose de forma automática salvo indicación en contrario. Entendemos que procede a aportación do certificado actualizado ao ano en curso, así coma a renovación do mesmo con carácter anual aportando cada ano o mesmo, de forma que se verifique o cumprimento continuado da condición exposta. Tal condición entendemos procede transcribirse no acto polo que se outorgue licenza.*

Se ten achegado así mesmo certificado de illamento acústico emitido pola empresa PROYMA INGENIERÍA ACÚSTICA S.L., que certifica o cumprimento da normativa de aplicación en canto a contaminación acústica.

Segundo. Tendo en conta a resolución de incidencia ambiental da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental de data 5 de decembro de 2012, entendendo que non é necesario someter a actividade a avaliación ambiental e impondo medidas correctoras, que se toma coma fundamento do presente acordo,

Terceiro. Considerando que resulta competente para o otorgamento deste tipo de licenzas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Outorgar a D^a Miriam Modesta Fernández licenza municipal de actividade para apertura dunha Paxarería no local sito na rúa Mollet del Vallés 2, baixo, conforme a memoria de actividade redactada e asinada pola arquitecta María Eulalia Torres Castro, que tivo entrada no Concello en data 12 de marzo de 2011 con número de rexistro 2096, expediente 17/2011.

Segundo. O exercicio da actividade quedará sometido á aplicación das seguintes medidas correctoras, aos efectos de minimizar o impacto da actividade no seu entorno:

- **Non se poderán almacenar na tenda máis de 50 aves de calquera clase.**
- **Os animais non poderán permanecer na tenda máis de 48 horas.**
- **As aves de corral e outros animais que poidan feder permanecerán en todo momento dentro da cámara destinada ao efecto, que permanecerá pechada.**
- **Non se poderá depositar nin expoñer material algún no exterior do establecemento.**
- **Deberá achegarse acreditación actualizada do contrato suscrito cunha empresa de xestión de residuos en vigor na actualidade antes do inicio da actividade.**

Terceiro. Apercíbese igualmente á titular da actividade da obriga de manter en todo momento o local e a actividade nas condicións determinadas pola normativa aplicable, adaptando o local e a actividade á normativa de aplicación en todo momento.

Cuarto. A Licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Quinto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais, aos efectos de efectuar a preceptiva liquidación do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (I.C.I.O.) e da Taxa por expedición de licenzas urbanísticas, así como calquer outro tributo que deba satisfacer o outorgamento da presente licenza.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 24 de xaneiro de 2017 nos termos expresados anteriormente.

5.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE CLIMATIZACIÓN DE SALA DE EMBOTELLADO EN NAVE 28 DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE A PICARAÑA, FORMULADA POR PERNOD RICARD ESPAÑA S.A. EXPEDIENTE 197/2016/CP.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 24 de xaneiro de 2017:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.

Primeiro. En data 7 de decembro de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 10086, formulario de comunicación previa para a realización de obras e usos do solo e subsolo non suxeitos a licenza municipal para obras de climatización de sala de embotellado en nave nº 28 do Polígono de A Picaraña, con referencia catastral 9693606NH2399S0001KZ, formulada por D. José Díaz López en representación de PERNOD RICARD ESPAÑA S.A.. Achégase coa comunicación previa acreditación da representación, fotografías do interior da sala obxecto das obras, licenza de actividade, datos do contratista e "Proyecto de Climatización de Sala de Embotellado" redactado e asinado polos enxeñeiros técnicos industriais D. Fidel Guide Sampedro e D. Javier González Casanova.



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Segundo. En data 10 de xaneiro de 2017 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González emite conformidade coa documentación presentada coma completa e hábil para a tramitación do expediente, sen prexuízo de posterior comprobación que certifique o axuste da intervención á comunicación presentada e á normativa urbanística de aplicación.

Terceiro. En data 20 de xaneiro de 2017 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa a comunicación previa presentada

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. A comunicación previa presentada refírese á execución de obras de climatización de sala de embotellado en nave nº 28 do Polígono de A Picaraña. Se ten procedido á comprobación previa por parte dos servizos técnicos municipais do tipo de actuación solicitado aos meros efectos de verificar se as obras se poden incardinar dentro das sometidas ao réxime de comunicación previa, así coma que o uso solicitado sexa compatible co tipo de solo no que vai ter lugar a intervención.

Vista a conformidade do técnico municipal, debemos considerar que este tipo de intervención se atopa na actualidade exento da obriga xeral de contar con licenza municipal previa, en virtude do disposto polo artigo 142.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A tramitación establecida pola nova lei do solo ven a eximir do previo control administrativo dos usos do solo nos casos de obras de pequena entidade, substituíndo a licenza municipal de obras por unha comunicación previa asinada polo promotor das obras na que describe as mesmas e declara baixo a súa responsabilidade que as obras se axustan ao disposto na normativa urbanística e en xeral coa que lle resulta de aplicación.

Este novo sistema ven limitado no seu ámbito obxectivo a sensu contrario pola relación de actos sometidos a licenza municipal en virtude do disposto polo artigo 142.2 da Lei do Solo, xa que en xeral se atopan excluídos de licenza municipal aqueles usos do solo e subsolo que non precisan da redacción dun proxecto técnico completo redactado por técnico competente, o que as asimila a obras que pola súa sinxeleza técnica e escasa entidade económica non xustifican a necesaria intervención dun profesional. Así, o artigo 142.3 da Lei do solo determina:

Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis. A comunicación previa realizarase nos termos que se prevea regulamentariamente. Os concellos poderán establecer os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos previos.

As obras obxecto do presente expediente, e referidas na comunicación previa, sitúanse, baseándonos na conformidade dos servizos técnicos municipais, fóra das sometidas a licenza municipal previa, e polo tanto sometidas ao réxime de declaración responsable.

Polo tanto, estimamos, a reserva de informe técnico ao respecto, e visto a conformidade emitida polos técnicos municipais, que a intervención comunicada resulta hábil para a súa tramitación conforme o réxime establecido para as comunicacións previas.

Cuarto. O procedemento para a presentación das comunicacións previas e o seu contido necesario veñen determinados no artigo 146.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia:

– Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, no seu caso, proxecto técnico legalmente exigible: Referidas no apartado sexto do formulario de comunicación previa e na conformidade técnica municipal, así coma na documentación achegada coa comunicación previa e o “Proxecto de Climatización de Sala de Embotellado” redactado e asinado polos enxeñeiros técnicos industriais D. Fidel Guide Sampedro e D. Javier González Casanova.

– Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en tódolos seus extremos

coa ordenación urbanística de aplicación. Tal declaración figura no formulario de comunicación previa asinado pola solicitante.

– Copia das restantes autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriales cando foran legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento. Vista a conformidade municipal, non resulta necesaria a aportación doutras autorizacións sectoriais.

– Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso ao que van destinadas as obras. Non procede.

– Xustificante de pago dos tributos municipais, a documentación que se determine regulamentariamente e, especialmente, as autorizacións sectoriais preceptivas: neste senso, o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resguardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, resulta suficiente conforme o criterio do informante con que o solicitante achegue os datos e elementos de xuízo que resulten necesarios para que pola administración se poida proceder a liquidar o tributo correspondente. Unha vez notificada a devandita liquidación, o declarante deberá proceder ao pago e conservar o resguardo do pagamento, tal e coma se refire na propia comunicación previa. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, procedendo a paralización das obras ou ben a imposición dunha sanción, con independencia de que se proceda así mesmo a adoitar as medidas de conxestión para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

Visto o que antecede, estimamos que a documentación presentada cumpre co establecido no artigo 146.1 da lei do Solo.

A cualificación urbanística da parcela obxecto da solicitude, de acordo co informado polo técnico municipal, é a de SOLO NON URBANIZABLE, PLANEAMENTO SUBSISTENTE (PS), conforme o PXOM do Concello de Padrón, que nos remite ao anterior planeamento que o define coma SOLO URBANIZABLE PROGRAMADO INDUSTRIAL ao que se lle aplica o disposto para o solo urbanizable no planeamento respectivo segundo o réxime transitorio disposto na Lei do Solo de Galicia para os municipios con planeamento non adaptado á lei 9/2002, e o uso solicitado resulta compatible co planeamento e normativa urbanística de aplicación, sen prexuízo do cumprimento das condicións de edificación e demais normativa urbanística aplicable, das que a declarante refire baixo a súa responsabilidade o seu cumprimento e que será obxecto de verificación coa visita de comprobación.

Quinto. De acordo así mesmo co establecido no artigo 146.2 da Lei do Solo, a comunicación previa presentarase cunha antelación de quince días hábiles ao inicio das obras. A presentación constitúe título hábil para o inicio das obras no prazo indicado, sen prexuízo dunha posterior comprobación por parte do Concello.

Este mesmo prazo de quince días é o que se lle outorga ao Concello para, sen prexuízo dunha posterior comprobación e inspección, declarar completa a documentación presentada ou ben requirir a emenda das deficiencias que presente a mesma.

Polo tanto, e visto o conforme dos servizos técnicos municipais e o informado nos fundamentos anteriores, estimamos que procede, dado que non se considera a necesidade de subsanación algunha nin emenda de ningunha deficiencia, declarar completa a documentación e tomar coñecemento da comunicación previa efectuada, se ben no presente caso, coma se referirá, deberá apercibirse á interesada de que con carácter previo ao inicio das obras deberá contar coa autorización para a ocupación de dominio público solicitada que ten coma finalidade precisamente a execución das obras obxecto do presente expediente.

Sexto. A norma, no seu artigo 142.2, determina que os concellos deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

requisitos precisos. En todo caso estímase coma solución máis axeitada e concordante coas funcións de control da legalidade urbanística que se proceda a adoitarse un acordo que declare completa a documentación e tome coñecemento da comunicación previa, acordo do que se dará traslado aos servizos técnicos de urbanismo a fin de que se xire visita de comprobación e se informe sobre se a intervención se axustou á descrita na comunicación previa, así coma se concorre algunha inexactitude ou falsidade na mesma.

A estes efectos resulta de aplicación o disposto polo artigo 69.4 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que determina:

“A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación perante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que no seu caso sexa requerida para acreditar o cumprimento do declarado ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.

Así mesmo, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así coma a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación”.

Asimesmo e dado que estamos a falar de comunicacións previas referidas á execución de obras, modificouse a regulación dos expedientes de reposición da legalidade e sancionadores en materia urbanística da anterior LOUG, incorporando a ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma coma supostos de incoación de expediente de reposición e sancionador, así coma a tipificación coma infracción urbanística grave da inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa cando fosen legalizables ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Sétimo. Coma se refire no propio texto da comunicación previa, formando parte das obrigas asumidas polo declarante, as obras deberán rematarse no prazo de seis meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa. Tal circunstancia deberá apercibirse ao declarante.

Oitavo. Debemos ter en conta no presente caso que a interesada na súa solicitude xeral facía referencia á ocupación de dominio público coa instalación de estadas para levar a cabo a intervención. Esta solicitude, pese a ser tramitada nun expediente aparte, ten coma presuposto a execución das obras, e polo tanto o inicio das mesmas debe vir precedido da resolución do correspondente expediente de ocupación de vía pública.

Debemos ter en conta que no presente caso non consta que por parte da interesada se achegase a documentación referida nos requirimentos municipais no tocante á ocupación da vía pública, e polo tanto non se iniciou o correspondente expediente de ocupación de vía pública. Polo tanto estimamos coma mellor curso de actuación apercibir á interesada na resolución que tome coñecemento da comunicación previa de que deberá con carácter previo e en todo caso presentar a solicitude de autorización para ocupación da vía pública acompañada do correspondente plan de montaxe e desmontaxe de estadas, que deberá ser obxecto de resolución en senso favorable antes do inicio das obras.

Noveno. Consideramos coma órgano competente para o outorgamento das licenzas de obras, e polo tanto para tomar coñecemento da comunicación previa que sustitúe ás mesmas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da

Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, aplicado analóxicamente ao caso que nos ocupa, xa que o acordo que se adoite constitúe un título habilitante para a execución de obras e polo tanto a estes efectos resulta asimilable a unha licenza municipal.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Declarar completa a documentación presentada e tomar coñecemento da comunicación previa de data 27 de decembro de 2016, asinada por D. José Díaz López en representación de PERNOD RICARD ESPAÑA S.A., para obras de climatización de sala de embotellado en nave nº 28 do Polígono de A Picaraña, con referencia catastral 9693606NH2399S0001KZ, expediente 197/2016/CP conforme o “Proyecto de Climatización de Sala de Embotellado” redactado e asinado polos enxeñeiros técnicos industriais D. Fidel Guide Sampedro e D. Javier González Casanova.

Segundo. A comunicación previa, toda vez que o Concello acusa recibo da mesma e a considera completa, habilita ao declarante para o inicio das obras no prazo de quince días hábiles dende a entrada da comunicación previa no Concello, sen prexuízo dunha posterior visita de comprobación e informe técnico por parte dos servizos técnicos municipais.

Terceiro. Apercíbese ao declarante:

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exixencia da responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado a restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un periodo de tempo determinado entre tres meses e un ano.

A ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma, independentemente da apertura dun expediente de reposición da legalidade, están tipificadas coma infracción urbanística grave no caso de inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa, e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa, cando fosen legalizables, ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Así mesmo, a comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade dos terreos, ou os/as empresarios/as das obras, dos técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado.

Cuarto. Notificada a liquidación tributaria ao declarante, este asume a obriga de estar en posesión en todo momento do resgardo de ter aboado os tributos municipais de aplicación.

Quinto. As obras deberán rematarse no prazo de seis (6) meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia, isto é, a finalización das obras, deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa.

Sexto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos de urbanismo a efectos de que unha vez finalizadas as obras se xire visita de comprobación e se proceda ao correspondente informe técnico sobre a



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

veracidade dos datos expostos na comunicación previa e o axuste das obras realmente efectuadas ás mesmas, así coma o axuste das obras á normativa urbanística de aplicación.

Sétimo. Notificar o presente acordo ao interesado/a coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 24 de xaneiro de 2017 nos termos expresados anteriormente.

6.- SOLICITUDE DE CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE MOTÓRICA A FAVOR DE DONA M^a CARMEN BEIRÓ PÉREZ.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 19 de xaneiro de 2017:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro.- Con data 16 de xaneiro de 2017 número de rexistro de entrada 326 por Dona M^a Carmen Beiró Pérez solicítase a concesión dunha tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade motórica.

Segundo.- En data 19 de xaneiro de 2017 emitese pola Traballadora Social, co visto e praxe do Alcalde, informe xustificativo das dificultades de mobilidade, en aplicación dos baremos específicos, da solicitante.

Fundamentos xurídicos.

Primeiro. Vistos os criterios para a concesión da tarxeta municipal de estacionamento para persoas con discapacidade motórica, aprobados pola Comisión de Goberno deste Concello en data 6 de xullo de 1998.

Segundo. Visto o informe emitido pola traballadora social, co visto e praxe do Alcalde, de data 19 de xaneiro de 2017, e sobre a base dos argumentos neles recollidos que son asumidos por esta proposta como motivación, en base ao artigo 89.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

Terceiro. Considerando que a competencia para o outorgamento deste tipo de licenzas é do Alcalde en base ao establecido no artigo 21.1.q. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, así como o artigo 5 da devandita Ordenanza Municipal, pero que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local segundo consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

Propónse á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Conceder a Dona M^a Carmen Beiró Pérez a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade motórica válida por cinco anos.

Segundo. Notificar o presente acordo á interesada coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Servizos Sociais e Policía Local.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 19 de xaneiro de 2017 nos termos expresados anteriormente.

7.- AXUDA PROGRAMA EMERXENCIA SOCIAL EXPEDIENTE SIUSS 2204.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 23 de xaneiro de 2017:

<<Antecedentes administrativos

Primeiro: Visto o informe-proposta da Traballadora Social, dona M^a Dolores Quintáns Longueira, de data 19 de xaneiro de 2017, co visto e praxe do Alcalde, en relación coas axudas de emerxencia social do ano 2017 (Programa de inserción social), no que se propón a concesión dunha axuda á beneficiaria proposta e polo motivo que se indica no devandito informe-proposta.

Segundo: Visto o Informe da Intervención Municipal de 23 de xaneiro de 2017.

Terceiro: Considerando o disposto na base de execución nº 43 do orzamento vixente para o 2017.

Fundamentos de dereito

Único: Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998 sobre delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL Á ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro: Conceder unha axuda por importe de 99,38 euros á usuaria de servizos sociais co número de expediente SIUSS 2204 para cubrir gastos relacionados co uso da vivenda habitual e recoñecer a correspondente obriga con cargo á aplicación 2311/480.01 do orzamento vixente para o 2017 e ordenar o seu pago.

Segundo: Dar traslado do presente acordo ao departamento de Servizos Sociais.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 23 de xaneiro de 2017 nos termos expresados anteriormente.


8.- AXUDA PROGRAMA EMERXENCIA SOCIAL EXPEDIENTE SIUSS 60.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 23 de xaneiro de 2017:

<<Antecedentes administrativos

Primeiro: Visto o informe-proposta da Traballadora Social, dona M^a Dolores Quintáns Longueira, de data 19 de xaneiro de 2017, co visto e praxe do Alcalde, en relación coas axudas de emerxencia social do ano 2017 (Programa de inserción social), no que se propón a concesión dunha axuda á beneficiaria proposta e polo motivo que se indica no devandito informe-proposta.

Segundo: Visto o Informe da Intervención Municipal de 23 de xaneiro de 2017.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Terceiro: Considerando o disposto na base de execución nº 43 do orzamento vixente para o 2017.

Fundamentos de dereito

Único: Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998 sobre delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL Á ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro: Conceder unha axuda por importe de 73,69 euros á usuaria de servizos sociais co número de expediente SIUSS 60 para cubrir gastos relacionados co uso da vivenda habitual e recoñecer a correspondente obriga con cargo á aplicación 2311/480.01 do orzamento vixente para o 2017 e ordenar o seu pago.

Segundo: Dar traslado do presente acordo ao departamento de Servizos Sociais.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 23 de xaneiro de 2017 nos termos expresados anteriormente.

9.- AXUDA PROGRAMA EMERXENCIA SOCIAL EXPEDIENTE SIUSS 2302.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 23 de xaneiro de 2017:

<<Antecedentes administrativos

Primeiro: Visto o informe-proposta da Traballadora Social, dona M^a Dolores Quintáns Longueira, de data 19 de xaneiro de 2017, co visto e prace do Alcalde, en relación coas axudas de emerxencia social do ano 2017 (Programa de inserción social), no que se propón a concesión dunha axuda á beneficiaria proposta e polo motivo que se indica no devandito informe-proposta.

Segundo: Visto o Informe da Intervención Municipal de 23 de xaneiro de 2017.

Terceiro: Considerando o disposto na base de execución nº 43 do orzamento vixente para o 2017.

Fundamentos de dereito

Único: Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998 sobre delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL Á ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro: Conceder unha axuda por importe de 99,06 euros á usuaria de servizos sociais co número de expediente SIUSS 2302 para cubrir gastos relacionados co uso da vivenda habitual e recoñecer a correspondente obriga con cargo á aplicación 2311/480.01 do orzamento vixente para o 2017 e ordenar o seu pago.

Segundo: Dar traslado do presente acordo ao departamento de Servizos Sociais.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 9 de xaneiro de 2017 nos termos expresados anteriormente.

10.- AXUDA PROGRAMA EMERXENCIA SOCIAL EXPEDIENTE SIUSS 1738.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 23 de xaneiro de 2017:

<<Antecedentes administrativos

Primeiro: Visto o informe-proposta da Traballadora Social, dona M^a Dolores Quintáns Longueira, de data 19 de xaneiro de 2017, co visto e praxe do Alcalde, en relación coas axudas de emerxencia social do ano 2017 (Programa de inserción social), no que se propón a concesión dunha axuda á beneficiaria proposta e polo motivo que se indica no devandito informe-proposta.

Segundo: Visto o Informe da Intervención Municipal de 23 de xaneiro de 2017.

Terceiro: Considerando o disposto na base de execución nº 43 do orzamento vixente para o 2017.

Fundamentos de dereito

Único: Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998 sobre delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL Á ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro: Conceder unha axuda por importe de 106,33 euros á usuaria de servizos sociais co número de expediente SIUSS 1738 para cubrir gastos relacionados co uso da vivenda habitual e recoñecer a correspondente obriga con cargo á aplicación 2311/480.01 do orzamento vixente para o 2017 e ordenar o seu pago.

Segundo: Dar traslado do presente acordo ao departamento de Servizos Sociais.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 23 de xaneiro de 2017 nos termos expresados anteriormente.

11.- APROBACIÓN DE FACTURA E GASTOS.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 23 de xaneiro de 2017:

<<Antecedentes Administrativos:

Primeiro: Considerando que por providencia da Alcaldía de data 23 de xaneiro do 2017 ordenouse á Intervención Municipal a emisión de informe sobre as facturas e gastos que se relacionan na mesma con carácter previo á súa aprobación.

Segundo: Visto o informe da Intervención Municipal do 23 de xaneiro de 2017.

Fundamentos de Dereito:

Único: Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998 sobre delegación de competencias na Xunta de Goberno Local, que establece que o Alcalde delega na Xunta de Goberno Local as atribucións delegables do artigo 61.1 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, entre as que se atopan autorizar e dispoñer os gastos dentro dos límites da súa competencia, ordenar os pagos, rendir as contas e o desenvolvemento da xestión económica



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

conforme ao orzamento aprobado.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar as seguintes facturas e gastos e recoñecer as correspondentes obrigas con cargo ás aplicacións do orzamento vixente para o 2017 e polos importes que a continuación se indican:

Nº DE FACTURA	PROVEDOR E CONCEPTO	PARTIDA	I. BRUTO	I. LÍQUIDO
VEN/2017/0041	AGF Solucións S.L., varitas de pompas Cabalgata de Reis	334-22611	1.875,50 €	1.875,50 €
1/17	Clasicos de Boda , prestación servizo aluguer vehículo para Cabalgata de Reis	334-22611	423,50 €	371,00 €
4304	Ediciones Bolanda S.L., espectáculo xira de Nadal cos Bolechas	334-22616	1.815,00 €	1.815,00 €
1	El Show de los Payasos. Elvira Suárez Guerra, personaxes para a cabalgata de Reis	334-22611	1.028,50 €	1.028,50 €
B17 18	Exclusivas Peregrino S.L., lambetadas subministradas para a Cabalgata de Reis	334-22611	382,80 €	382,80 €
F1701-0004	Gecotop Servicios Integrales S.L., produtos subministrados	171-21000	832,25 €	832,25 €
A/1	La Tintorería. Araceli Cardama Chisca, limpeza de traxes Reis e Paxes para Cabalgata	334-22611	387,20 €	387,20 €
1/8	Librería Sar. Serculga S.L., material de oficina subministrado	920-22000	64,52 €	64,52 €
001/2017	Marina Buhigas Villar, lambetadas subministradas para a Cabalgata de Reis	334-22611	559,57 €	559,57 €
A/3	Pekexogo Animación y Ocio S.L., tren turístico con motivo da Cabalgata de Reis	334-22611	1.000,00 €	1.000,00 €
17P-35	Pensamentos Padrón S.L., material de oficina subministrado	920-22000	137,78 €	137,78 €
14AP	Sociedad Estatal de Correos y Telégrafos, servizo apartado de correos ano 2017	920-22001	63,44 €	63,44 €
TD/21/2017	Talleres Pardal S.L., reparación vehículo 2928CNV	171-21400	10,01 €	10,01 €
TD/16/2017	Talleres Pardal S.L., reparación vehículo 4790JJL	132-21400	10,01 €	10,01 €
TD/23/2017	Talleres Pardal S.L., reparación vehículo 4790JJL	132-21400	10,01 €	10,01 €
TD/20/2017	Talleres Pardal S.L., reparación vehículo 5264FYF	135-21400	64,25 €	64,25 €
TD/19/2017	Talleres Pardal S.L., reparación vehículo 5264FYF	135-21400	26,61 €	26,61 €
TD/17/2017	Talleres Pardal S.L., reparación vehículo 5942GKV	132-21400	137,30 €	137,30 €
TD/15/2017	Talleres Pardal S.L., reparación vehículo C5243CD	135-21400	171,13 €	171,13 €
TD/18/2017	Talleres Pardal S.L., reparación vehículo C5243CD	135-21400	145,54 €	145,54 €
TD/14/2017	Talleres Pardal S.L., reparación vehículo C8740BS	171-21400	138,01 €	138,01 €
A/1384	Teodoro Bueno Casal, materiais subministrados para parques e xardíns	171-21000	87,56 €	87,56 €
001/2017	Troula Animación S.L., animación Cabalgata de Reis	334-22611	2.534,99 €	2.534,99 €
A/170000	Ufa Tecnologías de Comunicación S.L.U., mantemento wifi protección civil	135-21600	229,71 €	229,71 €
A9	Vázquez Informática Padronesa S.L., material informático subministrado	334-22002	132,47 €	132,47 €
C3	Vázquez Informática Padronesa S.L., renovación dominio	920-21600	36,30 €	36,30 €
TOTAL			12.303,96 €	12.251,46 €

SEGUNDO.- Proceder a revogar a aprobación do gasto da factura nº 366, expedida en data 30-11-2016 por Tamaga Trucks, por importe de 188,05 € (Xunta de Goberno Local de data 29-12-2016) ao estar xa aprobada e pagada con cargo ao anticipo de caixa fixa 2016.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que se pon fin á vía administrativa e contra o cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

